



## CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

“BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE UN/HA TRACTORISTA, A XORNADA COMPLETA CON CARGO Á AXUDA OUTORGADA POLA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE, AO ABEIRO DA ORDE DO 9 DE XANEIRO DE 2023 (APROL RURAL 2023), POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN”

### **Primeira.- Obxecto da Convocatoria**

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal, mediante concurso-oposición, de un/ha Tractorista.

Esta contratación será a xornada completa por modalidade contractual de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, cunha duración prevista de 9 meses. As actuacións obxecto do traballo serán as descritas na memoria “Prevención de incendios forestais”; obxecto do Programa presentado na solicitude de subvención á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, ao abeiro da resolución de outorgamento da subvención de dita Consellería.

A retribución mensual será 1.260,00€ ao mes estando a paga extra xa prorrateada.

### **Segunda.- Requisitos dos/as aspirantes**

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público.

Artigo 57 referido o acceso o emprego público de nacionais doutros Estados: nos seguintes termos:

.- Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como persoal funcionario en igualdade de condicións que os españois ós empregos públicos, con excepción de aqueles que directa ou indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que teñen por obxecto a salvagarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas.

A tal efecto, os órganos do Goberno das Administracións públicas determinarán as agrupacións de funcionarios contempladas no artigo 76, ás que non poden acceder os nacionais doutros Estados.

.- As previsións do apartado anterior serán de aplicación calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.





## CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

.- O acceso ó emprego público como persoal funcionario, estenderase igualmente ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos establecidos no apartado 1 deste artigo.

.-Os estranxeiros aos que se refiren os apartados anteriores, así como os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

Poderán tomar parte nas probas selectivas, ademais dos españois: 1)os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, do Reino de Noruega ou da República de Islandia, 2)os cónxuxes dos españois e os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, do Reino de Noruega ou da República de Islandia, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, menores de 21 anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas.

Os aspirantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar o cumprimento dalgún dos requisitos anteriores xuntando á solicitude fotocopia compulsada do documento de identidade ou pasaporte. As persoas incluídas no apartado a.2) deberán presentar, ademais, os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco e, no seu caso, unha declaración xurada o promesa do español ou do nacional da Unión Europea, de Noruega o de Islandia co que existe este vínculo de que non está separado de dereito do seu cónxuxe, ou de que o aspirante vive as súas expensas.

As persoas que non teñan nacionalidade española que superen o proceso selectivo non poderán desempeñar postos de traballo que supoñan a participación directa ou indirecta no exercicio do poder público. A Administración será a competente para determinar cales serán ditos postos de traballo.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade nin estar afectado por doenza física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. No caso de minusvalía que non impida o exercicio das súas funcións deberá xustificarse por medio de certificación da Consellería competente da Xunta de Galicia.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbera sido separado ou





## CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

inhabilitado. De ser nacional doutro Estado non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade có disposto na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

Serán **requisitos específicos** en aplicación do disposto no artigo 56.3 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 os seguintes:

A) Ser persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego. Este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de interese social.

B) Os desempregados deberán reunir os requisitos e características para o adecuado desempeño das funcións a realizar.

Será requisito específico do **tractorista**:

A) Carné de conducir B

### Terceira.- Presentación de solicitudes

O Concello de Santiso presentará a oferta de emprego ante a Oficina de Emprego de Melide.

O Servizo Público de Emprego realizará unha sondaxe de demandantes. Terase en conta que terán preferencia en todo caso os colectivos sinalados no artigo 14 da Orde do 9 de xaneiro do 2023 no que se establecen os criterios de prioridade entre colectivos para a realización da selección dos/as traballadores/as desempregados/as que serán contratados/as a través do programa Aproz rural para o ano 2023:

1. Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia.
2. Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional
3. Persoas paradas de longa duración.
4. Persoas con discapacidade superior ao 33%, recoñecida pola administración competente.
5. Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego e que tivesen dereito.
6. Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
7. Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios/as da renda de integración social de Galicia.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas





## CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, o/a parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

A admisión de candidatos coincidirá coa selección realizada polo Servizo Público de Emprego que presentarán instancias para a participación neste proceso selectivo ata as 14.00 horas do día 03/05/2023, no rexistro xeral do Concello de Santiso ou ou nas formas establecidas no artigo 16.4, na disposición transitoria cuarta e na disposición final sétima da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Presentarase a seguinte documentación:

1. DNI
2. Solicitud de instancia de participación (Anexo I)
3. Documentos xustificativos dos méritos alegados.
4. Carta de presentación da Oficina de Emprego de Melide.

As solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de correos antes de ser certificada. Neste caso, os aspirantes deberán comunicalo mediante fax (981517910) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias, ou mediante e-mail (correo@santiso.gal). Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública, en caso de non realizar esta comunicación, vía fax ou e-mail, quedarán excluídos/as do procedemento de selección.

Serán publicadas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello as listas de admitidos e excluídos coa motivación da exclusión elevándose a definitiva a lista provisional de admitidos de non existir excluídos e outorgando dous días hábiles aos excluídos, no seu caso, para alegacións, procedéndose posteriormente á aprobación da lista definitiva.

Tras a lista provisional elevada a definitiva ou lista definitiva de admitidos a Comisión seleccionadora procederá á realización valoración dos méritos do/a aspirante admitido/a e a realización da proba práctica.

En ningún caso serán valorados aqueles méritos que non fosen alegados e xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

### **Cuarta.- Criterios do Concurso - Oposición.**

O proceso selectivo constará de dúas fases: a primeira corresponderá á fase de concurso de méritos e a segunda corresponderá a unha proba práctica personalizada con cada un dos participantes.





## CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

4.1- Na fase de concurso valorarase o seguinte:

1. Terán preferencia en todo caso os colectivos sinalados no artigo artigo 14 da Orde do 9 de xaneiro do 2023, no que se establecen os criterios de prioridade entre colectivos para a realización da selección dos/as traballadores/as desempregados/as que serán contratados/as a través do programa Aprod rural para o ano 2023:

- Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia.
- Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional
- Persoas paradas de longa duración.
- Persoas con discapacidade superior ao 33%, recoñecida pola administración competente.
- Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego e que tivesen dereito.
- Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios/as da renda de integración social de Galicia.

Esta preferencia será valorada con 0.25 puntos por colectivo, ata un máximo de 0.50 punto.

2. Terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, o/a parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

A puntuación será de 0.25 puntos por persoa a cargo, ata un máximo de 0.50 punto. Acreditarase mediante: Libro de Familia, Certificado de convivencia, certificado de pensións, certificados da oficina de emprego, etc.

O tribunal non poderá estimar o non achegado e probado polos/as aspirantes nos documentos achegados no momento de presentar a solicitude para admisión ás probas selectivas, sen que sexa admisíbel a concesión de prazo ningún para emendar a falta de alegación ou de proba de méritos.





## **CONCELLO DE SANTISO** (A CORUÑA)

### 4.2- Fase de proba práctica:

A comisión seleccionadora fará unha proba práctica desenvolvendo un traballo, para baremar a adecuación do candidato ao posto de traballo. O día de celebración e hora será publicado no taboleiro de anuncios do concello cando se publique a lista definitiva de admitidos. A puntuación máxima será de 10 puntos, debendo obter como mínimo unha puntuación de 5 puntos.

### **Quinta.- Comisión Seleccionadora**

1.- A comisión cualificadora designada pola Alcaldía-Presidencia, estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: M<sup>a</sup> Teresa Alcalde Valle (Traballadora Social do Concello de Santiso)

Vogal: José Manuel Veiga González (Tractorista do Concello de Santiso)

Vogal: Secundino Quiñoy Amboage (Encargado de obras do Concello de Santiso)

Vogal: Teresa Mato Martínez (Animadora Cultural do Concello de Santiso)

Secretario/a: María Carmen Pulleiro Guerreiro (Administrativa do Concello de Santiso) (con voz e sen voto).

Os membros da comisión están suxeitos ao disposto no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e os dereitos por indemnización por asistencia serán os establecidos no Decreto 462/2002, sobre indemnizacións por razón do servizo.

2.- Os membros da comisión poderán solicitar a colaboración e asesoramento técnico que estimen conveniente. A Comisión reunirse para a estimación dos méritos, e determinará o aspirante seleccionado pola aplicación dos criterios fixados na convocatoria, e propondrá ao sr. Alcalde o nomeamento.

3.- O Sr. Alcalde, vista a proposta do tribunal, procederá á adopción do decreto correspondente que resolverá a contratación.

A Comisión non poderá constituírse sen a asistencia de polo menos tres membros sendo preciso, en todo caso, a asistencia do Presidente e do Secretario.

A cualificación dos méritos para o concurso oposición realizarase pola Comisión seleccionadora, axustándose ós criterios das presentes Bases, que publicará no taboleiro de anuncios do Concello a relación de aspirantes presentados/as coa puntuación obtida. Tras a realización da proba práctica e a súa





## **CONCELLO DE SANTISO** (A CORUÑA)

valoración por parte da Comisión, esta elevará ao Alcalde a correspondente proposta de contratación a favor do/a candidato/a que obtiveran a maior puntuación total. En caso de empate darase preferencia ao que teña maior tempo como demandante de emprego. De persistir desfaríase o empate por sorteo ante a Comisión Seleccionadora.

Se algún dos/as candidatos/as inicialmente proposto renunciase á contratación ou non puidese acreditar os requisitos necesarios, a proposta de contratación da Comisión Seleccionadora sería a favor do seguinte con maior puntuación total, permitíndose a creación de bolsa de traballo para a cobertura de posibles vacantes, e que dita bolsa de emprego queda sen efectos unha vez xustificada a subvención do Programa.

### **Sexta.- Formalización e duración do contrato**

A proposta da Comisión seleccionadora trasladarase á Alcaldía-Presidencia, para a resolución do expediente de selección, mediante decreto, que será publicado no taboleiro de anuncios do Concello.

O aspirante seleccionado e antes da súa contratación, deberá presentar a seguinte documentación:

- a) Copia da tarxeta sanitaria da Seguridade Social.
  
- b) Declaración xurada de non estar afastado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin se atopar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
  
- c) Declaración xurada de non se achar incurso en causa de prohibición, incompatibilidade ou incapacidade.
  
- d) Certificado médico de non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo.
  
- e) Número de conta bancaria (IBAN).

A formalización do contrato laboral co/a aspirante seleccionado/a será competencia do sr. Alcalde.

### **Sétima.- Incidencias**

A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten e adopta-los acordos necesarios para o bo funcionamento do concurso oposición en todo o non previsto nestas Bases.





# CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

## Oitava.-Dereito supletorio

O non previsto nestas bases estarase ó disposto na lexislación laboral vixente que resulte de aplicación e, especialmente, ó disposto no Real Decreto 2/2018, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto do Traballador, na Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego Público de Galicia. e demais lexislación concordante en materia laboral así como normativa administrativa EBEP e demais normativa administrativa básica e de desenvolvemento aplicable en materia de selección de persoal o servizo das administracións públicas

## Novena.- Norma final

A presente convocatoria, as súas bases e tódolos actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderanos impugna-los interesados no caso e na forma dispostos na Lei 40/2015 de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

## ANEXO I

### MODELO DE INSTANCIA

D./Dña.....,con DNI número .....e domicilio a efectos de notificacións e comunicación en.....CP.....localidade.....telf.....

### EXPÓN:

- I.- Que ten coñecemento da convocatoria publicada e bases para a selección dun/ha tractorista a xornada completa como persoal laboral temporal non permanente.
- II.- Que está en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección.

Apórtase a tal efecto a seguinte documentación:

- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade
- Carta de presentación da Oficina de Emprego de Melide
- Carné de conducir

- .....
- .....
- .....
- .....
- .....







## CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

- .....
- .....
- (no caso de ser necesario continuarase ao reverso enunciando a documentación que se achegue)

Polo exposto,

**SOLICITA:** Ser admitido ao correspondente proceso selectivo, aportando a estes efectos a documentación que se achega.

Lugar e data

Asdo.:

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)**

